



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO

Marzo 2023

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2023

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de comercio polo miúdo (ICM). Marzo 2023

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes creceu en Galicia en marzo de 2023 con respecto ao mesmo período do ano anterior un 6,0%, menos que no conxunto de España, 9,7%.
- Por produtos, as vendas en Alimentación diminúen un 4,1% e medran no Resto de produtos un 14,9%.
- As vendas minoristas aumentan en todas as comunidades autónomas.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes rexistra un crecemento do 8,4% en Galicia no mes de marzo de 2023 con respecto ao mesmo período do ano anterior, e no conxunto de España do 12,1%.
- O índice xeral de ocupación rexistra unha taxa do 1,5% tanto en Galicia como no conxunto do Estado.
- A ocupación aumenta en quince comunidades autónomas.

Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Marzo 2023

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
	Xeral	6,0	3,9
	Xeral sen estacións de servizo	4,8	3,4
	Alimentación	-4,1	-3,5
	Resto	14,9	11,2

1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes aumenta un 6,0% en Galicia en marzo de 2023 con respecto ao mesmo período do ano anterior e un 9,7% no conxunto de España.


O índice xeral sen estacións de servizo medra un 4,8% en Galicia e un 9,1% en España respecto a marzo de 2022. Desagregando por produtos:

- A Alimentación reduce as súas vendas un 4,1% en Galicia e un 2,9% no conxunto de España.
- O Resto de produtos crece un 14,9% en Galicia e un 23,1% no conxunto do Estado.

No primeiro trimestre do ano, o índice xeral aumenta un 3,9% en Galicia e un 7,0% en España. Diminúen as vendas en Alimentación, -3,5% en Galicia e -1,8% en España, e aumentan no Resto de produtos, 11,2% en Galicia e 16,9% en España.

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do 4,7%.

O gráfico mostra a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




2. Índices por comunidades autónomas

As vendas aumentan en todas as comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Illes Balears (13,7%) e Madrid (13,4%). Navarra presenta o menor crecemento, 4,6%.

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Marzo 2023

Taxas de variación en %



No primeiro trimestre do ano, as taxas máis altas rexístranse en Canarias (11,1%) e Illes Balears (10,7%). As comunidades con menores crecementos son Navarra (2,9%) e Castilla y León (3,5%).

3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes aumenta un 8,4% en Galicia no mes de marzo de 2023, e un 12,1% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo rexistra unha taxa do 9,6% en Galicia e do 13,7% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas en Alimentación aumentan un

11,0% e no Resto de produtos un 8,5%. No conxunto do Estado, rexístrase un incremento do 12,1% das vendas en Alimentación e do 15,1% no Resto de produtos.

Índices de comercio polo miúdo. Marzo 2023				
Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)		
		Interanual	No que vai de ano	
Xeral	124,4	8,4	9,6	
Xeral sen estacións de servizo	123,9	9,6	10,0	
Alimentación	123,6	11,0	11,4	
Resto	123,4	8,5	9,0	

Categoría	Interanual (%)	No que vai de ano (%)
Xeral	8,4	9,6
Xeral sen estacións de servizo	9,6	10,0
Alimentación	11,0	11,4
Resto	8,5	9,0

No acumulado do ano, o índice xeral aumenta un 9,6% en Galicia e un 12,6% en España. As vendas en Alimentación aumentan un 11,4% en Galicia e un 13,1% en España. No Resto de produtos aumenta a facturación un 9,0% en Galicia e un 13,7% en España.

4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa unha taxa de variación interanual do 1,5% no mes de marzo tanto en Galicia como no conxunto do Estado.

No que vai de ano, a ocupación aumenta un 1,3% en Galicia e un 1,2% en España.

5. Índices de ocupación por comunidades autónomas


A ocupación no comercio minorista aumenta en marzo en quince comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Illes Balears (4,5%) e Canarias (4,2%).

As comunidades onde diminúe o persoal ocupado son Asturias (-2,2%) e Cantabria (-0,2%).

No primeiro trimestre do ano, a ocupación aumenta en trece comunidades autónomas. Illes Balears, 4,0%, e Canarias, 3,9%, presentan os maiores incrementos. Asturias é a comunidade con maior caída do emprego, -2,9%.

Índice xeral de ocupación. Marzo 2023

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2015 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflactores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.
- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC¹.

¹ Os índices de comercio polo miúdo están en base 2015, e o IPC en base 2021, polo que se calcula un índice de prezos en base 2015.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Marzo 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	124,4	8,4	9,6	102,6	6,0	3,9
Xeral sen estacións de servizo	123,9	9,6	10,0	102,6	4,8	3,4
Alimentación	123,6	11,0	11,4	92,7	-4,1	-3,5
Resto	123,4	8,5	9,0	112,6	14,9	11,2
España						
Xeral	130,2	12,1	12,6	107,3	9,7	7,0
Xeral sen estacións de servizo	128,7	13,7	13,5	106,9	9,1	6,9
Alimentación	135,5	12,1	13,1	101,8	-2,9	-1,8
Resto	123,5	15,1	13,7	113,4	23,1	16,9

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Marzo 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	130,1	7,3	8,8	108,3	4,7	3,4
Xeral sen estacións de servizo	130,0	8,5	9,6	107,1	3,3	2,8
Alimentación	124,1	10,0	11,2	93,2	-4,9	-3,6
Resto	132,1	7,3	8,2	118,4	13,0	10,0
España						
Xeral	134,4	11,8	12,1	108,9	9,5	6,3
Xeral sen estacións de servizo	132,6	13,5	12,9	108,0	8,8	6,2
Alimentación	134,3	12,5	12,7	101,8	-2,4	-1,7
Resto	132,0	14,9	12,8	115,6	22,2	15,4

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por INE

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Marzo 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	130,2	12,1	12,6	107,3	9,7	7,0
Andalucía	128,1	12,6	12,4	106,0	9,8	6,6
Aragón	126,4	8,7	10,2	104,2	7,3	5,3
Asturias	118,4	10,1	10,9	98,1	7,0	4,8
Baleares, Illes	127,0	15,7	15,7	105,3	13,7	10,7
Canarias	130,9	16,5	18,1	108,5	12,2	11,1
Cantabria	120,7	9,4	10,8	98,7	6,9	5,1
Castilla y León	120,0	8,0	9,3	97,6	5,7	3,5
Castilla-La Mancha	130,8	10,7	11,6	105,5	8,3	5,4
Cataluña	120,5	11,2	12,1	98,4	9,3	6,9
Comunitat Valenciana	130,2	12,7	13,7	108,7	11,3	8,8
Extremadura	114,5	12,0	13,0	94,6	8,6	6,7
GALICIA	124,4	8,4	9,6	102,6	6,0	3,9
Madrid	157,3	15,7	14,4	130,5	13,4	8,8
Murcia, Región de	126,3	11,4	10,5	104,6	8,1	4,2
Navarra	123,8	7,0	8,9	100,8	4,6	2,9
País Vasco	127,0	7,9	10,5	104,0	5,7	5,2
Rioja, La	127,5	10,2	11,8	104,9	8,2	6,5
Ceuta	94,7	11,2	13,5	78,3	6,1	5,9
Melilla	86,6	7,2	8,4	70,7	2,6	1,4

Fonte:INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Marzo 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	105,1	1,5	1,3
Xeral sen estacións de servizo	104,7	1,4	1,2
España			
Xeral	104,5	1,5	1,2
Xeral sen estacións de servizo	104,4	1,5	1,2

Fonte:INE

Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas.
Marzo 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	104,5	1,5	1,2
Andalucía	101,7	1,1	1,1
Aragón	104,9	1,1	-0,1
Asturias	100,3	-2,2	-2,9
Baleares, Illes	108,2	4,5	4,0
Canarias	106,8	4,2	3,9
Cantabria	101,4	-0,2	-0,4
Castilla y León	104,9	0,5	0,6
Castilla-La Mancha	103,6	1,9	2,1
Cataluña	102,5	1,7	1,1
Comunitat Valenciana	110,8	2,3	1,9
Extremadura	105,4	3,1	3,4
GALICIA	105,1	1,5	1,3
Madrid	104,8	0,6	0,2
Murcia	102,1	0,4	-0,3
Navarra	102,5	0,6	0,5
País Vasco	106,1	2,0	2,2
Rioja, La	105,3	0,5	1,2
Ceuta	96,9	-1,8	-1,5
Melilla	100,6	1,5	1,1

Fonte: INE